

### Disposición adicional única.

Engádeselle ó artigo 229 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, un novo número 3 co seguinte contido:

«3. Estas actuacións poderanse realizar a través de videoconferencia ou outro sistema similar que permita a comunicación bidireccional e simultánea da imaxe e o son e a interacción visual, auditiva e verbal entre dúas persoas ou grupos de persoas xeograficamente distantes, asegurando en todo caso a posibilidade de contradicción das partes e a salvagarda do dereito de defensa, cando así o acorde o xuíz ou tribunal.

Nestes casos, o secretario xudicial do xulgado ou tribunal que acordase a medida acreditará desde a propia sede xudicial a identidade das persoas que interveñan a través da videoconferencia mediante a remisión previa ou a exhibición directa de documentación, por coñecemento persoal ou por calquera outro medio procesual idóneo.»

### Disposición derogatoria única.

Quedan derogados os artigos 504 bis.2 e 517, ben como o parágrafo segundo do artigo 518 da Lei de axuízamento criminal.

### Disposición derradeira única.

A presente lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 24 de outubro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**19800** LEI 31/2003, do 27 de outubro, de conservación da fauna silvestre nos parques zoolóxicos. («BOE» 258, do 28-10-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Unión Europea, con data do 29 de marzo de 1999, adoptou a Directiva 1999/22/CE, relativa ó mantemento de animais salvaxes en parques zoolóxicos, co fin de establecer unha base común ós Estados membros que propicie a correcta aplicación da lexislación comunitaria en materia de conservación da fauna silvestre, e que, por outro lado, asegure o desempeño polos parques zoolóxicos do seu importante papel na educación pública, a investigación científica e a conservación das especies. Con esta finalidade, a directiva esixe

o establecemento dun réxime de autorización e de inspección dos parques zoolóxicos que garanta o cumprimento de condicións básicas de sanidade, benestar e seguridade, para mante-la boa saúde física e psíquica dos animais salvaxes que habitan nos devanditos parques.

As prescricións da citada directiva son coherentes coas obrigas impostas no Regulamento (CE) n.º 338/97 do Consello, do 9 de decembro de 1996, relativo á protección de especies da fauna e flora silvestres mediante o control do seu comercio, que obriga os Estados membros a disporen de instalacións adecuadas para o albergue e o coidado para os casos de importación de espécimes vivos de gran número de especies, e no que se prohibe a exposición pública con fins comerciais de espécimes das especies do seu anexo A, salvo en caso de concreta excepción xustificada por fins educativos, de investigación ou cría. Así mesmo, son coherentes co disposto na Directiva 79/409/CEE do Consello, do 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres, e na Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, que prohiben a captura, mantemento e comercio de gran número de especies, pero permiten determinadas excepcións, precisamente, para a investigación, a educación e a cría, a repoboación e a reintroducción de especies.

Por outro lado, o Convenio para a conservación da diversidade biolóxica, feito en Río de Janeiro o 5 de xuño de 1992, é o primeiro instrumento xurídico internacional que recolle os termos «conservación "in situ" e "ex situ"» como mecanismos de protección dos recursos biolóxicos e xenéticos. A este respecto, o citado convenio define as medidas «in situ» como «a conservación dos ecosistemas e os hábitats naturais e o mantemento e a recuperación de poboacións viables de especies nos seus contornos naturais», ó tempo que determina a importante función complementaria das medidas «ex situ», orientadas a establecer instalacións para a conservación e a investigación de plantas, animais e microorganismos, a adoptar medidas para a recuperación, rehabilitación e reintroducción de especies ameazadas nos seus hábitats naturais, a xestionar a recolección de recursos biolóxicos dos hábitats naturais e a cooperar, financeira, científica e tecnicamente, á conservación «ex situ». Accións, todas elas, en que os zoolóxicos poden e deben ser suxeitos activos de gran valor.

En definitiva, os parques zoolóxicos deben ser unha fonte de coñecementos científicos que estea á disposición de universidades, de institucións dedicadas á investigación e de organizacións comprometidas coa conservación da natureza, a fin de que estas entidades poidan contribuír non só á conservación «ex situ» das especies silvestres, senón tamén á súa conservación «in situ» a medida que os seus hábitats se van reducindo e a súa distribución xeográfica se vai facendo máis fragmentada.

En España existe un baleiro xurídico sobre a protección da fauna silvestre en catividade, pois a Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, aínda que recolle as medidas de conservación fóra do hábitat natural de cada especie (conservación «ex situ»), faino timidamente, como criterio de actuación das administracións públicas en favor da preservación da diversidade xenética. Ademais, a lexislación española sobre agrupacións zoolóxicas en xeral só establece requisitos de tipo hixiénico-sanitario, fundamentalmente, e tamén algunhas normas sobre autorización e rexistro de núcleos zoolóxicos, establecementos para a equitación, centros para o fomento e coidado de animais de compañía e similares.

Así mesmo, os parques zoolóxicos deben ter como función o fomento da educación e da toma de conciencia

polo público no que respecta á conservación da biodiversidade.

Por todo iso, a obrigatoria incorporación da normativa ambiental europea e o compromiso internacional adquirido na sinatura de convenios sobre protección ambiental e conservación da natureza, unidos ó referido baleiro xurídico, fan necesaria esta lei, que, co carácter de lexislación básica en materia de ambiente, pretende asegurar-la protección da fauna silvestre existente nos parques zoolóxicos e a contribución destes á conservación da biodiversidade, e que establece para iso un novo réxime de autorización e inspección dos devanditos parques, así como os requisitos para obter-la citada autorización, ó tempo que tipifica as infraccións e sancións administrativas por incumprimento das súas prescricións.

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Esta lei ten por obxecto asegurar-la protección da fauna silvestre existente nos parques zoolóxicos e a contribución destes á conservación da biodiversidade.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Esta lei é de aplicación ós parques zoolóxicos, entendidos como establecementos, públicos ou privados, que, con independencia dos días en que estean abertos ó público, teñan carácter permanente e manteñan animais vivos de especies silvestres para a súa exposición.

2. As prescricións desta lei non son de aplicación ós circos nin ós establecementos dedicados á compra ou venda de animais.

## CAPÍTULO II

### Medidas de conservación

#### Artigo 3. *Medidas de benestar animal, profilácticas e ambientais.*

Os parques zoolóxicos quedan obrigados a cumprir-las medidas de benestar dos animais en cativeiro, profilácticas e ambientais indicadas a seguir e, se é o caso, as establecidas polas comunidades autónomas:

a) Aloxa-los animais en condicións que permitan a satisfacción das súas necesidades biolóxicas e de conservación.

b) Proporcionar a cada unha das especies un enriquecemento ambiental das súas instalacións e recintos, co obxecto de diversificar-las pautas de comportamento que utilizan os animais para interaccionaren co seu contorno, mellora-lo seu benestar e, con iso, a súa capacidade de supervivencia e reprodución.

c) Previ-la transmisión de pragas e parasitos de procedencia exterior ós animais do parque zoolóxico, e destes ás especies existentes fóra do parque.

d) Evita-la fuxida dos animais do parque zoolóxico, en particular daquelas especies potencialmente invasoras, co fin de previr posibles ameazas ambientais e alteracións xenéticas ás especies, subespecies e poboacións autóctonas, así como ós hábitats e ós ecosistemas.

#### Artigo 4. *Programas.*

Os parques zoolóxicos quedan obrigados á elaboración, desenvolvemento e cumprimento dos programas

indicados a seguir e, se é o caso, ós establecidos polas comunidades autónomas.

a) Programa de conservación «ex situ» de especies de fauna silvestre, que, ó se realizar fóra do seu hábitat natural, debe estar orientado a contribuír á conservación da biodiversidade, polo que deberá constar dunha ou varias das seguintes actividades:

1.<sup>a</sup> Participación nun programa de investigación científica que redunde na conservación de especies animais.

2.<sup>a</sup> Formación en técnicas de conservación de especies animais.

3.<sup>a</sup> Intercambio de información para a conservación de especies animais entre zoolóxicos e organismos públicos ou privados implicados na conservación das especies.

4.<sup>a</sup> Participación, cando proceda, nun programa de cría en cativeiro con fins de repoboación ou reintroducción de especies animais no medio silvestre ou de conservación das especies.

b) Programa de educación dirixido á concienciación do público no que respecta á conservación da biodiversidade, e comprensivo das seguintes actividades:

1.<sup>a</sup> Información sobre as especies expostas e os seus hábitats naturais, en particular do seu grao de ameaza.

2.<sup>a</sup> Formación do público sobre a conservación da fauna silvestre e, en xeral, da biodiversidade.

3.<sup>a</sup> Colaboración, se é o caso, con outras entidades públicas e privadas para realizar actividades concretas de educación e sensibilización en materia de conservación da fauna silvestre.

c) Programa avanzado de atención veterinaria, que comprenda:

1.<sup>a</sup> O desenvolvemento de medidas destinadas a evitar ou reduci-la exposición dos animais do parque zoolóxico ós axentes patóxenos e parasitos, a fortalece-la súa resistencia inmunolóxica e a impedi-los traumatismos e intoxicacións.

2.<sup>a</sup> A asistencia clínica dos animais do parque zoolóxico que estean enfermos, por medio de tratamentos veterinarios ou cirúrxicos adecuados, así como a revisión veterinaria periódica dos animais sans.

3.<sup>a</sup> Un plan de nutrición adecuada dos animais.

#### Artigo 5. *Persoal especializado e medios materiais.*

Os parques zoolóxicos deben dispor do persoal necesario especializado e dos medios materiais adecuados para a execución das medidas de benestar, profilácticas, ambientais e de seguridade indicadas no artigo 3, así como para o desenvolvemento e cumprimento dos programas sinalados no artigo 4 desta lei.

Tanto o persoal coma os medios deberán ser acordes coas necesidades derivadas das coleccións de animais de cada parque zoolóxico. A formación continua do persoal a cargo dos animais estará baseada na avaliación do coñecemento dos animais silvestres, da súa conservación e especialmente do seu benestar.

#### Artigo 6. *Rexistro de especies e exemplares.*

1. Os parques zoolóxicos disporán dun rexistro actualizado das súas coleccións de animais, adecuado ás especies e subespecies ás que estes pertencen. No devandito rexistro deberán figurar, polo menos, os datos relativos ás entradas e saídas de animais, mortes e causa do falecemento, nacementos, orixe e destino, e os necesarios para a súa identificación e localización.

2. Os sistemas de identificación utilizados serán os previstos, se é o caso, na normativa específica de aplicación para cada especie. No caso de que, polas características físicas ou de comportamento da especie, non fose posible a súa identificación individualizada, procederase á identificación por lotes.

3. A información do devandito rexistro deberáselle facilitar, en todo momento, ó órgano competente da comunidade autónoma.

### CAPÍTULO III

#### Autorización e inspección

##### Artigo 7. *Autorización.*

1. A apertura ó público, a modificación substancial e a ampliación dos parques zoolóxicos están suxeitas a autorización do órgano competente da comunidade autónoma onde cada un deles estea situado. Esta autorización é independente de calquera outra que sexa esixible ós parques zoolóxicos en virtude doutras disposicións legais que sexan de aplicación.

2. O órgano competente concederá a autorización logo de comprobar que o parque zoolóxico para o que foi solicitada cumpre os requisitos establecidos nos artigos 3, 5 e 6, ademais de cumprir cos programas previstos no artigo 4.

3. A autorización fixará as condicións específicas aplicables ó parque zoolóxico, para aseguralo cumprimento do establecido nesta lei e na normativa autonómica correspondente.

4. Entenderase denegada a autorización se, transcorridos seis meses desde a recepción da solicitude no órgano correspondente, non se notificou a resolución.

##### Artigo 8. *Inspección.*

1. Mediante as correspondentes inspeccións, o órgano competente da comunidade autónoma comprobará o cumprimento polos parques zoolóxicos das medidas de conservación comprendidas no capítulo II desta lei e na normativa autonómica de aplicación, así como das condicións específicas fixadas nas respectivas autorizacións.

O órgano competente da comunidade autónoma realizará, cando menos, unha inspección anual de cada parque zoolóxico, sen prexuízo das inspeccións que poida realizar en calquera momento, de oficio ou por denuncia.

2. Os titulares e empregados dos parques zoolóxicos están obrigados a permitirllles ós inspectores acreditados o acceso ás dependencias e a proporcionarlle-la información e axuda que sexan precisas para a inspección.

### CAPÍTULO IV

#### Rexistros de parques zoolóxicos

##### Artigo 9. *Rexistro dos parques zoolóxicos.*

1. As comunidades autónomas deberán manter un rexistro dos parques zoolóxicos autorizados no seu territorio respectivo, con información actualizada sobre as coleccións de animais que manteñan nas súas instalacións.

2. Para efectos estatísticos, as comunidades autónomas deberán manter informado o Ministerio de Medio Ambiente dos datos dos seus rexistros, en especial facilitando os relativos ás coleccións de animais mantidas nos parques.

##### Artigo 10. *Inventario nacional de parques zoolóxicos.*

Créase o Inventario nacional de parques zoolóxicos, dependente do Ministerio de Medio Ambiente, que terá carácter informativo, e no que se incluírán os datos facilitados polos órganos competentes das comunidades autónomas esixidos no parágrafo 2 do artigo 9 desta lei.

### CAPÍTULO V

#### Infraccións e sancións.

##### Artigo 11. *Responsabilidade.*

1. O incumprimento do establecido nesta lei será sancionado consonte o disposto neste capítulo e no título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A responsabilidade será solidaria cando sexan varios os responsables e non sexa posible determinalo grao de participación de cada un deles na comisión da infracción.

3. En todo caso, o titular do parque zoolóxico será responsable subsidiario das infraccións cometidas polo persoal que preste servizo no propio parque zoolóxico.

4. A responsabilidade administrativa polas infraccións a que se refire esta lei non exonerará de calquera outra responsabilidade civil, penal ou doutro tipo que, se é o caso, se puidese esixir.

##### Artigo 12. *Peches cautelares.*

O órgano competente da comunidade autónoma e tamén o instructor, no caso de estar iniciado o procedemento sancionador, poderán ordenar, mediante acordo motivado e con carácter provisional, o peche total ou parcial do parque zoolóxico para garanti-la conservación dos animais existentes neles, cando a súa apertura, modificación substancial ou ampliación se realizase sen a autorización esixida no artigo 7 desta lei.

O peche ordenado con anterioridade á iniciación do procedemento sancionador deberá ser confirmado, modificado ou levantado no acordo de iniciación do procedemento, que se deberá efectuar dentro dos 15 días seguintes ó peche.

##### Artigo 13. *Infraccións.*

1. Sen prexuízo das infraccións que, se é o caso, poidan defini-las comunidades autónomas, as infraccións que se tipifican neste artigo clasifícanse en leves, graves e moi graves.

2. Para os efectos desta lei considéranse infraccións leves:

a) O deficiente funcionamento do rexistro de coleccións de especies e exemplares.

b) A insuficiencia dos medios persoais e materiais esixidos nesta lei.

3. Para os efectos desta lei considéranse infraccións graves:

a) O incumprimento das condicións específicas establecidas na autorización de apertura ó público.

b) A carencia do persoal especializado ou dos medios materiais esixidos nesta lei.

c) O incumprimento das medidas profilácticas, de benestar, ambientais e de seguridade pública establecidas nesta lei.

d) A liberación non autorizada, negligente ou intencionada, dos animais do parque zoolóxico.

e) A falsificación, a ocultación ou a omisión de datos e documentos presentados ante a administración correspondente.

f) O incumprimento das actividades establecidas para a elaboración, desenvolvemento e cumprimento dos programas de conservación, educación e atención veterinaria previstos no artigo 4 desta lei.

g) O incumprimento do deber de colaboración coa autoridade inspectora.

4. Para os efectos desta lei considéranse infraccións moi graves:

a) A apertura ó público, a modificación substancial ou a ampliación do parque zoolóxico sen a autorización do correspondente órgano competente.

b) A liberación non autorizada, negligente ou intencionada, de animais do parque zoolóxico pertencentes a especies potencialmente invasoras.

c) Dar morte de maneira intencionada ós animais do parque zoolóxico ou a eliminación dos seus restos intencionadamente sen causa xustificada.

d) O maltrato, abandono ou deterioración intencionados ou por negligencia dos animais do parque zoolóxico.

#### Artigo 14. Sancións.

Coa previa instrucción do correspondente procedemento sancionador, o órgano competente da comunidade autónoma imporalle ós responsables as seguintes multas:

a) De 300 a 600 euros, as infraccións leves.

b) De 601 a 60.100 euros, as infraccións graves.

c) De 60.101 a 300.500 euros, as infraccións moi graves.

#### Artigo 15. Outras sancións.

1. O órgano competente da comunidade autónoma imporá o peche temporal ou definitivo, total ou parcial, do parque zoolóxico cando os feitos sexan constitutivos da infracción tipificada no artigo 13.4.a).

2. O órgano competente da comunidade autónoma poderá impo-las seguintes sancións accesorias:

a) A adopción das medidas de corrección, seguridade ou control precisas en cada caso que paralicen os feitos constitutivos da infracción e que eviten a continuidade na produción do dano, con indicación do prazo correspondente.

b) O peche temporal ou definitivo, total ou parcial, do parque zoolóxico cando os feitos sexan constitutivos dalgunhas das infraccións tipificadas no número 3 e nas alíneas b), c) e d) do número 4, todos eles do artigo 13.

#### Artigo 16. Medidas por peche.

1. Cando fose ordenado o peche temporal ou definitivo, total ou parcial, dun parque zoolóxico, o órgano competente da correspondente comunidade autónoma acordará as medidas de tratamento, conservación e traslado dos animais afectados e o prazo para as executar.

2. En caso de incumprimento do disposto no número anterior no prazo fixado, o órgano competente citado procederá á execución subsidiaria desas medidas, repercutindo o seu custo no obrigado.

#### Disposición adicional primeira. Medidas de seguridade pública.

1. Sen prexuízo de calquera outra normativa aplicable, os parques zoolóxicos deberán establecer medidas

específicas de seguridade nas instalacións e en cada un dos recintos dos animais, atendendo ás características de cada especie, para previr calquera risco para a saúde ou integridade física do público visitante e do persoal do parque, así como para evita-la fuxida dos animais ó exterior.

2. No caso de animais especialmente perigosos, deberase contar cun sistema de control permanente, a cargo do persoal especializado do parque zoolóxico. En todo caso, deberase informa-lo público desa circunstancia por medio de indicadores visibles.

#### Disposición adicional segunda. Medidas de conservación de animais non silvestres.

As medidas de conservación establecidas no artigo 3 desta lei, de aplicación ós animais da fauna silvestre que habite en parques zoolóxicos, seranlles así mesmo aplicadas ós animais non silvestres que poidan habitar nos devanditos parques en réxime de cativeiro.

#### Disposición adicional terceira. Centros de rescate

O Goberno remitirá ó Consello de Ministros, no prazo máis breve posible desde a aprobación desta lei, unha proposta de normativa sobre o destino de espécimes e centros de rescate no marco do Convenio sobre o comercio internacional de especies ameazadas de fauna e flora silvestres (CITES) e do Regulamento (CE) n.º338/97 relativo á protección de especies da fauna e flora silvestres mediante o control do seu comercio.

#### Disposición transitoria única. Adaptación de parques zoolóxicos existentes.

Os parques zoolóxicos que estean abertos ó público na data de entrada en vigor desta lei deberanse axustar ó establecido nela e solicita-la correspondente autorización no prazo dun ano.

Poderase entender concedida a autorización se no prazo de seis meses desde a recepción da solicitude no órgano competente non se tiver notificado a resolución.

Os parques zoolóxicos que non soliciten a autorización correspondente no prazo sinalado deberán pecha-las súas instalacións ó público e seranlles de aplicación as medidas establecidas no artigo 16 desta lei.

#### Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Esta lei ten o carácter de normativa básica de acordo co artigo 149.1.23.ª da Constitución.

#### Disposición derradeira segunda. Aplicación doutras normas.

O cumprimento polos parques zoolóxicos dos requisitos sinalados nesta lei non exceptúa a observancia das prescricións establecidas na lexislación de sanidade animal, de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas, e de calquera outra que sexa de aplicación.

#### Disposición derradeira terceira. Modificación dos requisitos.

O Goberno poderá modifica-las medidas e os programas establecidos nos artigos 3 e 4, sempre que a modificación veña esixida pola normativa da Unión Europea e se axuste a ela.

Disposición derradeira cuarta. *Actualización das multas.*

Facúltase o Goberno para actualizar, mediante real decreto, o importe das multas previstas no artigo 14 desta lei, de acordo coa variación anual dos índices de prezos de consumo.

Disposición derradeira quinta. *Facultade de desenvolvemento.*

O Goberno, no ámbito das súas competencias, dictará as normas de desenvolvemento que require esta lei.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 27 de outubro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

## MINISTERIO DO INTERIOR

**19801** *REAL DECRETO 1295/2003, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento regulador das escolas particulares de conductores.* («BOE» 258, do 28-10-2003.)

A disposición derradeira segunda da Lei 19/2001, do 19 de decembro, de reforma do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, encoméndalle ó Goberno a modificación do Regulamento regulador das escolas particulares de conductores de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto 1753/1984, do 30 de agosto, en exercicio da competencia atribuída polo número 2 do artigo 60 do mencionado texto articulado.

A modificación regulamentaria a que se refire o parágrafo anterior vén imposta pola necesidade de actualizar a regulación das escolas particulares de conductores, acomodándoa ás modificacións normativas producidas desde a entrada en vigor do anterior regulamento, especialmente as levadas a cabo polo Regulamento xeral de conductores.

Por outra banda, faise necesario continuar na liña do regulamento anterior, no sentido de favorece-lo principio de liberdade de empresa, flexibilizando tanto os requisitos coma o réxime de funcionamento das escolas particulares de conductores, sen prexuízo de exercer-lo necesario control sobre estas.

Por último, con obxecto de axiliza-lo procedemento de selección dos profesores e directores, prevese a posibilidade de substituí-los cursos por probas de selección.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, coa previa aprobación da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de outubro de 2003,

DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento regulador das escolas particulares de conductores.*

Apróbase o Regulamento regulador das escolas particulares de conductores, que se insire a seguir.

Disposición adicional única. *Competencias transferidas ás comunidades autónomas.*

En virtude do disposto no Real decreto 3256/1982, do 15 de outubro, sobre traspaso de servicios do Estado á Comunidade Autónoma do País Vasco en materia de execución da lexislación estatal sobre tráfico e circulación de vehículos, e no Real decreto 391/1998, do 13 de marzo, sobre traspaso de servicios e funcións da Administración do Estado á Xeneralidade de Cataluña en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, as respectivas comunidades autónomas exercerán as funcións de execución que se detallan no regulamento que aproba este real decreto, velando polo seu estricto cumprimento.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Regulamento regulador das escolas particulares de conductores de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto 1753/1984, do 30 de agosto, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto neste real decreto e no regulamento que este aproba.

Disposición derradeira primeira. *Execución e desenvolvemento do regulamento que se aproba.*

Facúltase o ministro do Interior, co informe previo dos ministros competentes por razón da materia, para dictar as disposicións que requira o desenvolvemento, execución, aclaración e interpretación do regulamento aprobado por este real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación específica ó ministro do Interior.*

Autorízase o ministro do Interior para que, de acordo coas innovacións tecnolóxicas que se vaian producindo, poida substituír e modificar tódalas esixencias que respecto ó material didáctico se conteñen no artigo 20 do regulamento que se aproba.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto e o regulamento que por el se aproba entrarán en vigor ós tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de outubro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Interior,  
ÁNGEL ACEBES PANIAGUA

### REGULAMENTO REGULADOR DAS ESCOLAS PARTICULARES DE CONDUCTORES

#### CAPÍTULO I

#### Actividades das escolas particulares de conductores

Artigo 1. *Actividades.*

1. Como centros docentes, as escolas particulares de conductores están facultadas para impartir, de forma